

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Integrados de Formación Profesional

Modelo MD71ACP01

Guía do profesorado de nova incorporación

CIFP IMAXE E SON

Curso: 2025- 2026

Índice

1	Introdución.....	4
2	Información xeral do CIFP.....	4
3	Organigrama do CIFP.....	6
4	Política de calidade.....	7
5	Resumo do procedemento de acollemento do persoal.....	8
6	Normas xerais de funcionamento.....	9
7	Planos do CIFP.....	11
8	Plan de autoprotección.....	12
9	Permisos e licenzas.....	12

1 Introducción

O CIFP Imaxe e Son de A Coruña forma parte da rede de Centros Integrados de Formación Profesional do Sistema Educativo de Galicia formado por 28 centros.

No centro impártense ciclos de formación profesional de réxime ordinario, réxime para persoas adultas en modalidades presencial, semipresencial a distancia e dual, tendo como obxectivo fundamental o fomento das relacións e o intercambio de experiencias entre o centro e o ámbito produtivo do sector audiovisual.

A incorporación á Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia busca reforzar o seu papel como instrumento fundamental de formación nun sector estratéxico para Galicia, configurándose como sede dos procedementos de acreditación das competencias profesionais correspondentes.

Mediante esta guía queremos darche a benvinda ao CIFP Imaxe e Son esperando que a túa estancia no mesmo sexa o máis agradable e proveitosa posible. Aquí atoparás diferente información que esperamos che axude a coñecer o centro e o noso xeito de traballar e esperamos que participes de forma activa no funcionamento do mesmo.

2 Información xeral do CIFP

DATOS DO CENTRO

Nome do centro: CIFP Imaxe e Son de A Coruña

Dirección: C/ Someso 6 (15008 A Coruña)

Teléfono: 981173181

Fax: 981134224

Correo electrónico: cifp.imaxe.son@edu.xunta.gal

Páxina web: <http://cifp.eis.gal>

ENTORNO

O CIFP Imaxe e Son de A Coruña está situado no barrio de Someso (A Coruña) á beira do CIFP Someso (antiga Acelerada). Atópase a 150 m. do centro de exposicións EXPOCoruña, moi cerca do campus de Elviña da UDC e a 5 minutos en coche do centro da cidade.

O centro conta con parking propio, espazos axardinados e cafetería compartida co CIFP Someso.

Ademáis das aulas, despachos e salas comúns, o centro conta con platós fotográficos, sala de impresión e acabado fotográfico, salón de actos, plató de cine/vídeo, camerinos, salas de edición de vídeo e son, laboratorio de son e estudio de radio como espazos máis salientables.

HISTORIA DO CENTRO

A Escola de Imaxe e Son naceu a finais dos anos oitenta como reposta á crecente necesidade dunha infraestrutura pública de formación de técnicos de imaxe e son. Nese tempo a aparición dun sector audiovisual puxante en Galicia propiciou o xurdimento de empresas e asociacións do sector que demandaban unha formación profesional de man de obra especializada.

En xaneiro do ano 1990 publicouse no Diario Oficial de Galicia o decreto de creación da escola. (Decreto 203/1989, do 28 de decembro). Posteriormente publicouse a Orde do 5 de decembro de 1990 que regulaba o seu funcionamento, e meses despois foi inaugurada o 22 de febreiro de 1991 polo presidente da Xunta de Galicia.

Durante estes anos a Escola de Imaxe e Son funcionou administrativamente como un Instituto de Educación Secundaria (IES Imaxe e Son) ata a súa transformación nun Centro Integrado de Formación Profesional o 4 de xullo de 2017 mediante o Decreto 59/2017, do 22 de xuño, polo que se transforman institutos de educación secundaria da Comunidade Autónoma de Galicia en centros integrados de formación profesional.

OFERTA EDUCATIVA PARA O CURSO 2025-2026

No centro ofértanse os seguintes Ciclos Formativos de Grao Superior, tanto en réxime ordinario como en réxime modular.:

- CS Animacións 3D, xogos e contornos interactivos
- CS Iluminación, captación e tratamento da imaxe
- CS Produción de audiovisuais e espectáculos
- CS Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos
- CS Son para audiovisuais e espectáculos

Ademáis, ofértanse a distancia:

- O CS Produción de audiovisuais e espectáculos completo
- O CS Animacións 3D, xogos e contornos interactivos completo


E en réxime dual ofértase o 1º curso de ICS luminación, captación e tratamento da imaxe e o 2º de CS Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos.

HORARIO

Réxime ordinario: 8:30 a 15:00 (descanso de 11:30 a 12:00)


Réxime modular: 17:30 a 21:30

Réxime dual: 16 a 22:30 horas (descanso de 18:00 a 18:30)



Localización: Latitude: 43.338198, Lonxitude: -8.413842

3 Organigrama do CIFP



4 Política de calidade

Presentámosche a nosa política de calidade e convidámoste a participar coa túa opinión a través da caixa de suxestións. Contribuirás deste xeito á mellora do noso sistema de xestión da calidade.

A Rede de Centros Integrados de Formación Profesional de Galicia, ten unha implicación e un compromiso claro coa calidade, como se retrata na nosa Misión, Visión e Valores.

Misión

Descríbese nos seguintes puntos:

- Establecer unha oferta de formación profesional modular, flexible, de calidade e adaptada ás demandas da poboación e ás necesidades xeradas polo mundo produtivo, proporcionando servizos para a cualificación e a recualificación das persoas ao longo da vida.
- Participar no procedemento para o recoñecemento, a avaliación e a acreditación de competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral e de vías non formais de formación no marco do Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional.
- Prestar servizos de información e de orientación profesional ás persoas para tomar as decisións máis axeitadas respecto da súa carreira profesional .
- Establecer un espazo de cooperación entre o sistema de formación profesional e o ámbito produtivo sectorial e local, para desenvolver e estender unha cultura da formación permanente.
- Fomentar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, con especial incidencia na erradicación de prexuízos.
- Facilitar o acceso da mocidade ao primeiro emprego, así como a conservación e mellora do posto de traballo dos traballadores e das traballadoras, mediante unha oferta formativa de calidade que promova a aprendizaxe permanente e a capacidade de adaptación aos cambios sociais, organizativos e tecnolóxicos.
- Impulsar e mellorar as aptitudes e as competencias do alumnado, promovendo proxectos de iniciativa emprendedora, mobilidade, perfeccionamento profesional e cooperación, nun contexto internacional.

Visión

Como Centros Integrados de Formación Profesional proporcionaremos unha formación integral ao noso alumnado que lle facilite a participación activa e responsable como cidadáns, polo que ofreceremos unha oferta formativa completa e de calidade que conduza á obtención de títulos de formación profesional e á acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, atendendo as necesidades que demande o mercado laboral e consolidando vínculos con todas as empresas do contorno.

Valores

Orientamos as nosas accións para:

- Fomentar valores de convivencia, cooperación e respecto.
- Ofrecer uns servizos educativos de calidade.
- Mellorar continuamente a calidade dos servizos prestados, a través da innovación e o traballo en equipo, para crear valor aos nosos usuarios mediante un sistema de calidade total co compromiso de cumprir cos requisitos do sistema e de mellorar continuamente a súa eficacia.

- Lograr a satisfacción da comunidade buscando atender as súas necesidades e adiantándonos ás súas expectativas, observando o cumprimento da misión, visión e valores da institución.
- Ofrecer as cualificacións profesionais requiridas para dar resposta ás necesidades e demandas do noso ámbito socioeconómico.
- Optimizar os recursos públicos dispoñibles, fundamentados nas tecnoloxías da información e da comunicación, para reproducir procesos sustentables, cun profesorado formado tanto na didáctica coma nas innovacións tecnolóxicas.
- Fomentar o espírito emprendedor e o desenvolvemento de actividades empresariais.
- Contribuír ao logro das actuacións e os obxectivos de calidade establecidos no Plan estratéxico da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Desenvolver vínculos co sistema produtivo do contorno (sectorial, comarcal ou local) nos ámbitos seguintes:
 - Formación do persoal docente de formación profesional.
 - Formación do alumnado en centros de traballo e realización doutras prácticas profesionais.
 - Orientación profesional.
 - Participación de profesionais do sistema produtivo na impartición de docencia.
 - Colaboración na detección de necesidades de formación permanente dos traballadores e das traballadoras, así como na información e orientación das persoas usuarias, tanto a título individual como colectivamente.

5 Resumo do procedemento de acollemento do persoal

O obxectivo deste procedemento é ofrecer un adecuado acollemento ao persoal de nova incorporación ao CIFP Imaxe e Son de A Coruña, facilitándolle a información e a documentación básica necesaria para a súa integración na estrutura funcional do centro.

MISIÓNS E RESPONSABILIDADES

Equipo directivo

- Facer a recepción e acollemento inicial
- Informar sobre o funcionamento xeral do CIFP
- Informar sobre o papel do novo persoal no sistema de calidade
- Entregar as guías de nova incorporación e o xustificante de acollemento
- Realizar unha visita ás instalacións do CIFP co persoal de nova incorporación
- Presentar á xefatura de departamento da familia profesional
- Manter actualizada a guía do profesorado de nova incorporación e PAS de nova incorporación

Xefatura de estudos

- Aportar a documentación necesaria para o correcto desenvolvemento da actividade docente, titorial ou de responsabilidade ao novo profesorado
- Informar sobre a xestión de faltas e permisos ao novo profesorado
- Realizar o seguimento do correcto desenvolvemento do acollemento de novo persoal docente

Secretaría

- Informar ao persoal de administración e servizos (PAS) sobre os seus cometidos entregándolle a documentación e material necesario para o seu desenvolvemento.
- Xestionar a ficha de alta do novo persoal (formato libre) e xestionar a alta do novo persoal na aplicación informática de xestión
- Realizar o seguimento do correcto desenvolvemento do acollemento de novo PAS

Xefatura de departamento da área de formación

- Facilitar toda a información e documentación necesaria para a incorporación ao departamento correspondente
- Visitar ás aulas específicas
- Presentar ao responsable de calidade
- Elaborar o Informe final de valoración do desenvolvemento do proceso de acollemento

6 Normas xerais de funcionamento

Os profesores son os primeiros responsables da ensinanza en estreita colaboración e coordinación cos compañeiros do mesmo grupo de alumnos, co departamento e co equipo directivo.

As normas xerais de funcionamento do centro así como os dereitos e deberes do profesorado veñen recollidas nas normas de organización e funcionamento (NOF) do CIFP Imaxe e Son de A Coruña, e son as seguintes:

- A comunicación entre os membros da comunidade educativa rexerase polas normas do respecto mutuo, non permitíndose ningún tipo de insultos, agresións físicas ou morais, menosprezo, coaccións, etc.
- Os membros da comunidade educativa manterán sempre medidas de seguridade, hixiene persoal e de sanidade razoables.
- Está prohibido tirar papeis e outros desperdicios no recinto escolar, fóra das papeleiras ou contedores destinados a este fin.
- Os membros da comunidade educativa deben coidar e utilizar correctamente os bens mobles, as instalacións do centro e respectar as pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- O uso do saló de actos do centro educativo quedará suxeito á autorización do equipo directivo.
- No centro escolar deberáse manter un comportamento correcto evitando problemas de orde tanto durante as actividades lectivas como durante os cambios de espazo do alumnado no centro.
- Queda prohibido, dentro do centro, a utilización de calquera aparello electrónico que interrompa o normal funcionamento das actividades lectivas ou violen a intimidade das persoas.
- Queda prohibido comer e beber nas aulas, agás circunstancias autorizadas polo profesor/a. Tanto neste aspecto como no relativo á limpeza dos espazos en xeral, terase en conta o máximo respecto ao persoal de limpeza do centro.
- Está prohibido fumar dentro do centro e en todo o recinto escolar.
- Ningún membro da comunidade escolar poderá portar, consumir nin distribuír drogas nin substancias nocivas para a saúde en todo o recinto escolar.
- Durante as horas de clase o alumnado non poderá estar fóra da aula, nin abandonala sen causa xustificada e previo aviso á persoa responsable.



Na cafetería do centro, o comportamento será o axeitado nun un centro de ensinanza.

DEREITOS DO PROFESORADO

O profesorado terá os seguintes dereitos:

- A exercer a función docente con iniciativa e liberdade en canto ao desenvolvemento da programación se refire, sen máis límites que os impostos polas programacións dos respectivos departamentos e polas normas de funcionamento do centro.
- A ser informados do funcionamento do centro e de todo o referente á súa actividade profesional, así como a participar nas decisións que afecten á vida do centro, dacordo coas canles regulamentarias.
- A expresar a súa opinión sobre o funcionamento do centro e a formular as suxestións e reclamacións que estimen oportunas.
- A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa no exercicio das súas funcións.
- A ter potestade para tomar decisións rápidas, proporcionadas e eficaces, dacordo coas normas de convivencia do centro, que lle permitan manter un ambiente adecuado de estudo e aprendizaxe tanto nas aulas como nas actividades complementarias á formación e tanto dentro como fóra do recinto escolar.
- Á colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumno.


DEBERES DO PROFESORADO

- Cumprir e facer cumprir as presentes Normas de Organización e Funcionamento (NOF), así como todo o acordado polo Consello Social e o Claustro, en todo no que deles dependa.
- Velar pola boa convivencia e mantemento da orde no centro, sendo o responsable, en primeira instancia de solucionar os problemas na súa clase/taller. Se estes o superan recorrerá inicialmente á Xefatura da Área de Formación para que tome as medidas que se consideren oportunas.
- Traballar construtivamente en todos os órganos e comisións nos que participe, así como colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar, dando cumprimento o protocolo establecido.
- Manter unha actitude de respecto e un trato ecuánime cara ao resto dos membros da comunidade educativa.
- Respetar o horario persoal que lle asignou a dirección e asistir puntualmente ás aulas, comunicando calquera cambio puntual (ausencias,etc.) no seu horario, dacordo co alumnado e previa autorización da Xefatura da Área de Formación.
- Cada profesor/a cargará as faltas do seu alumnado utilizando os procedementos informáticos que determine a Consellería.
- O profesorado cumprirá os criterios establecidos polo centro para o desenvolvemento das actividades complementarias á formación.
- No caso de que un grupo enteiro falte á súa clase deberá comunicarse a incidencia á Xefatura da Área de Formación.
- Dar a coñecer ao alumnado, a información relativa á programación de cada módulo profesional, con especial referencia aos obxectivos ou resultados de aprendizaxe, aos criterios de avaliación

que se van empregar para evidenciar a adquisición das com-petencias establecidas no currículo, así como o nivel mínimo que se considera suficiente para unha avaliación positiva.

- Cooperar, cando así o soliciten as familias, informando ás mesmas de calquera circunstancia relacionada cos seus fillos/as que sexa considerada de interese. No caso de ser maiores de idade, o profesorado contará coa autorización do/a alumno/a para dar esta información.
- O profesorado deberá manter garantía de seguridade e confidencialidade dos datos persoais do alumnado e, en particular, dos contidos nos documentos oficiais. Esta información estará sometida ao disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e na disposición adicional vixésimo terceira da Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación.
- Todos aqueles deberes que determine a lexislación vixente e/ou se deriven do presente regulamento inherentes á súa condición e destino.

7 Planos do CIFP

**CIFP IMAXE E SON**

Someso 6. 15008 A Coruña | T. 981 173181

 XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES CENTROS INTEGRADOS
DE FORMACIÓN
PROFESIONAL



8 Plan de autoprotección

O Plan de Autoprotección do centro foi aprobado no mes de maio de 2018. Dito plan está á disposición da comunidade educativa tanto na Secretaría como na intranet do centro.

O plan de Evacuación do centro atópase dispoñible para consulta na web do centro.

9 Permisos e licenzas

A normativa que regula os permisos e licenzas do persoal docente é a que segue:

- **Orde do 29 de xaneiro de 2016** (DOG 12/2/2016), pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Orde de 24 de febreiro de 2016** (DOG 1/3/2016), pola que se amplía a orde anterior.

Nelas recóllense as causas e a documentación que se deberá aportar en cada caso.

Na Xefatura de estudos e na conserxería atópanse os formularios para cursar as solicitudes.